



DISCURSO DE ANA PONTÓN NA HOMENAXE A CASTELAO

Rianxo, xaneiro de 2019

POR TODAS E TODOS NÓS

Amigas e amigos,
hai pouco máis dun mes tiven ocasión de visitar o cuarto en que faleceu Castelao no Centro Galego de Buenos Aires. Recoñezo que sentín unha grande emoción ao abrir a porta e, de súpeto, ter a sensación de que aquel espazo era unha cápsula do tempo. Emocioneime ao sentir que os anos non pasaran por aquela habitación, ao ver aquela cama, ao tocar aquela colcha e aquelas sabas que acolleron os últimos alentos do noso homenaxeado; emocioneime, si, pois sentín que unha parte de Nós habitaba ese espazo cheo de historia e de simbolismo.

Non digo isto por melancolía do pasado ou por idolatría, senón pensando no presente e coa ollada posta no futuro, pois son das que pensa que para nós é vital non deixar que outros escriban a nosa historia ou deturpen os nosos símbolos. Porque os símbolos importan.

Por iso estamos aquí, reivindicando a Castelao, e con el o seu legado máis importante: o nacionalismo. Nestes tempos de confusión e posverdade, en que se deturpan e retorcen os significados das palabras, é necesario lembrar que o nacionalismo é o contrario do chauvinismo e do imperialismo, que o nacionalismo é un movemento radicalmente progresista e democrático porque defende a liberdade e a igualdade entre todos os pobos. E que o nacionalismo é o máis cosmopolita que hai: convén non confundir cosmopolita con cosmopaleto. Non hai nada máis cosmopolita que preocuparse pola parte do mundo que temos máis próxima e cambiar o mundo desde nós. Por iso somos nacionalistas galegas!

Isto sabíano ben Castelao e toda a súa xeración. Esa xeración á que tanto lle debemos. Elas e eles deron un paso de xigante cando un 17 e un 18 de novembro de 1918 convocaron as mulleres e homes das Irmandades da Fala en Lugo para declarar:

“Tendo Galiza todas as características de nacionalidade, nós nomeámonos de hoxe para sempre nacionalistas galegos, por que a verba rexionalismo non recolle todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas”.

DISCURSO DE ANA PONTÓN NA HOMENAXE A CASTELAO

Rianxo, xaneiro de 2019

Esa defensa da nación galega, que era ao tempo e de forma inseparábel a defensa das clases populares e da democracia, é o que deu sentido a toda a vida e a toda a obra de Castelao. Ese ideario que culmina no Sempre en Galiza, no que deixa leccións que hoxe son fundamentais:

- como é necesario ter fe e confianza no noso pobo,
- que ás veces a política dá noxo, mais non podemos fuxir dela por escrúpulos inútiles
- e que o verdadeiro heroísmo consiste en converter os desexos en realidade e as ideas en feitos.

E fixédevos se é potente a mensaxe de Castelao que aínda hoxe o españolismo ten necesidade de manipulalo.

Efectivamente Castelao é patrimonio de todos os galegos e galegas, claro que si. De todos, menos dos fascistas que o exiliaron. Castelao é de todos e de todas, menos dos que defenden o españolismo que nos nega, menos dos machistas, menos dos xenófobos e dos neofascistas.

Castelao é patrimonio de todos os galegos e galegas, mais non se pode reivindicar Castelao e criminalizar o nacionalismo ou prohibir o idioma galego na ensinanza das matemáticas ou das ciencias, como hoxe acontece.

A derradeira lección de mestre é a antítese do que defende Feixóo. É un cadro que fala da barbarie do fascismo, da crueldade do españolismo co discrepante, un cadro que homenaxea a Bóveda e fala de dignidade, de coherencia, de amor inquebrantábel por Galiza, que fala da necesidade de aprender a coller o facho aceso e vivo das e dos que nos antecederon na defensa dos dereitos nacionais de Galiza.

Poñer ese cadro detrás del, como fondo da súa intervención televisiva, para despois atacar ao nacionalismo é unha boa mostra da catadura moral e talla política de Feixóo.

E conste: nós non temos ningún afán de nos apropiarmos de nada. Ao revés: quen nos dera que outros se apropiaran de verdade e levaran a práctica os ideais que Castelao defendía!

Mais pensade que se aínda hoxe teñen necesidade de manipulalo é porque saben que as súas ideas seguen a ser potentes e cargadas de actualidade. Teñen que manipulalo porque saben que no corazón de moitos galegos e galegas late a idea de Galiza.

DISCURSO DE ANA PONTÓN NA HOMENAXE A CASTELAO

Rianxo, xaneiro de 2019

Polo tanto, fronte á manipulación do pasado e os ataques do presente: defensa clara das ideas de Castelao hoxe e máis entusiasmo e ganas de traballar ca nunca para agrandar e fortalecer o nacionalismo e o BNG.

Amigos e amigas,

somos un movemento vivo e en marcha, un movemento a camiñar firme para gañar o futuro. Sabemos que o camiño é longo, complicado, cheo de obstáculos e que hoxe, coma onte, non caben atallos. Asumimos que cada momento histórico ten a súa complexidade e as súas dificultades.

O nacionalismo galego sempre soubo enfrontar cada período con propostas acaídas para esa situación. E niso estamos hoxe, en buscar as canles e a práctica política que favoreza un maior peso social e electoral do nacionalismo e un papel cada vez máis determinante no presente e no futuro da nosa nación.

Porque Galiza necesita máis que nunca ao nacionalismo.

Temos o país nunha situación crítica, en declive demográfico, con emigración de miles de mozos e mozas, con miles de persoas pasando frío nas súas casas porque non poden pagar a factura da luz, con persoas enfermas que non toman os medicamentos que necesitan porque as pensións non se poden estirar máis, e cunha precariedade galopante entre a xente nova que fai que moitas e moitos opten pola emigración.

Todo isto non cae do ceo, nin é causa dunha praga bíblica ou consecuencia de que ser a nosa unha terra sen posibilidades. Todo o contrario: somos un país con grande riqueza e potencialidade! Temos mil exemplos do que somos capaces de facer cando nos deixan!

Non temos petróleo, mais temos capacidade enerxética e electricidade, que é a enerxía do futuro. Temos unha inmensa riqueza natural e patrimonial. As nosas rías, que son un ecosistema único, dos máis produtivos do mundo. Os nosos montes, se estivesen cheos de carballos, castiñeiros e de gandería, poderían dar traballo a miles de persoas.

Somos un pobo innovador, non só inventamos as bateas. Como curiosidade, sabedes que o fútbolín, a calculadora ou o primeiro libro electrónico teñen a dous galegos e unha galega detrás? Hoxe temos coñecemento, talento e empresas que son punteiras en I+D+i.

DISCURSO DE ANA PONTÓN NA HOMENAXE A CASTELAO

Rianxo, xaneiro de 2019

Somos un pobo con capacidade, xente honrada, humilde e traballadora que non se deixa vencer polas adversidades, e que fomos quen de saír adiante en contextos de moita dificultade. Temos unha lingua e unha cultura diversa e milenaria, que nos fai estar no mundo con identidade propia e nos abre as portas a unha comunidade de máis de 200 millóns de falantes.

Nestes anos non fallou o país, nin a xente, quen falla é o réxime centralista: Madrid converteuse nun burato negro e nun foco de corrupción mentres Galiza perde peso e non conta. E falla, claro, un goberno galego inútil e un Presidente que é un terminator.

Porque si, estámolo vendo, Feixóo é un terminator para a nosa industria ou para a nosa sanidade, por citar dous exemplos recentes. Non pode ser que vexamos como en 4 días pode pechar a fábrica de Alcoa na Coruña -400 empregos en xogo nun sector estratéxico- e Feixóo... calado. Feixóo, que sempre opina de todo e de todos, resulta que non ten nada que dicir sobre o peche da fábrica de Alcoa. Desde o mes de outubro non tivo nin un minuto para se reunir cos traballadores e traballadoras. Mais xa sabemos que hai silencios que din máis que as palabras. Feixóo cala porque, ao igual que o PSOE, apoia os plans de Alcoa, que quere pechar a fábrica e despedir os 400 traballadores e traballadoras do noso país. Non llelo imos permitir! Porque é unha indecencia e un espolio que nun país no que producimos electricidade a esgalla se poida perder emprego polos prezos da electricidade! Alcoa non se pecha e queremos tarifa eléctrica galega!

Mais non só é un terminator para os nosos sectores industriais, tamén está esnaquizando a sanidade a golpe de recortes e privatizacións, xogando de forma irresponsábel co máis importante: a saúde e a vida das persoas.

Á política sanitaria de Feixóo imos ter que poñerlle un aviso como ao tabaco: pon en risco a saúde das persoas.

Xa estamos a ver estes días porque o PP se puxo tan nervioso coa comisión de investigación de sanidade e quixo vetar as propostas da oposición: saben o desastre que están causando na sanidade pública. E onte no Parlamento, na comisión de investigación paralela, unha médica do Hospital de Santiago fixo unha denuncia gravísima: dúas persoas morreron nos corredores de urxencias por falta dos medios necesarios para atendelas. No entanto, a xerente do hospital, Eloína Núñez, a curmá de Feixóo, e o propio Consellerio, foron avisados do que pasaba, e non moveron un dedo. Igual que pasou na Estrada.

DISCURSO DE ANA PONTÓN NA HOMENAXE A CASTELAO

Rianxo, xaneiro de 2019

Pregúntome, ou mellor dito pregúntolle a Feixóo, cantas persoas máis teñen que morrer para que poña fin aos recortes que está a impoñer á sanidade pública galega? Porque na sanidade non se traballa con papeis, nin con cifras e estatísticas, na sanidade trabállase con persoas. E coa saúde e a vida da xente non se xoga!

Que máis ten que pasar para que cese o conselleiro? E sobre todo, que máis ten que pasar para que acabe coa agonía á que está conducindo, con recortes e privatizacións, ao noso sistema de sanidade pública e deixar de poñer en risco a saúde das persoas?

Temos que cambiar esta situación. Galiza necesita abrir un tempo novo que nos permita avanzar e progresar.

Un tempo novo que deixe atrás a incompetencia, o sufrimento, os recortes e a submisión a Madrid.

E ese tempo novo non vai vir das forzas estatais, que vemos como, día si, día tamén, pasan olímpicamente de Galiza. Teñen moitos folgos para pelexarse entre eles no circo político madrileño, mais quedan mudos cando se trata de defender á sociedade galega.

Un tempo novo para Galiza ten que vir da man do BNG, porque nós tomamos en serio este país, porque confiamos nas nosas potencialidades e porque temos un proxecto sólido, solvente e con ideas claras.

Demostrámolo nos nosos gobernos municipais. Que son gobernos transformadores, de prestixio, referencia de políticas que mudan a mellor a vida das persoas. Cómpre poñelo en valor, porque mirade que algúns presumen moito de cambio e en realidade son un recambio!

Onde está o BNG nótase. Sabédelo ben en Rianxo, con Adolfo Muíños, o noso alcalde. Rianxo avanza, modernízase, temos un concello vivo, aberto, dinámico, un concello orgulloso da nosa lingua, que aposta pola cultura, polo benestar e que mellora a vida da xente.

Pero iso non só pasa en Rianxo, é marca BNG e aí están Mazaricos, Carnota, Bueu, San Sadurdiño, Pontevedra, Tomiño ou Allariz, por citar algúns dos concellos en que gobernamos. Todos e cada un dos gobernos do BNG son un exemplo a nivel local que demostra que temos un proxecto para este país.

DISCURSO DE ANA PONTÓN NA HOMENAXE A CASTELAO

Rianxo, xaneiro de 2019

Mais para avanzar cara o tempo novo que Galiza precisa temos que fortalecer o BNG nas vindeiras municipais e europeas, porque somos a alternativa fronte o desastre a que conduce o PP a este país. Somos a alternativa dunha Galiza viva e con capacidade fronte ao modelo da dependencia que nos asfixia.

Ningún resultado está escrito de antemán, temos que traballar con forza, con ilusión, con intelixencia. Estou convencida de que podemos dar un paso adiante se traballamos con amplitude de onda e con confianza en Galiza e no BNG!

Quero dicilo con claridade: temos as portas abertas para todas as persoas que levan a Galiza na cabeza e no corazón. Que avance o BNG é importante para que o país avance e para poñer freo á involución democrática que estamos a vivir.

Unha involución que é o resultado das políticas neoliberais e dunha socialdemocracia que asumiu unha parte do discurso da dereita: avalando todas as políticas regresivas da UE, abrazando o neoliberalismo e negando principios básicos da democracia como o dereito das nacións á propia soberanía.

E neste escenario non podemos caer na política do medo, que nos conduce a escoller entre guatemala ou guatepeor. Mirade, a extrema dereita que acaba de entrar no parlamento andaluz, xa estaba antes! Estaba no PP, na FAES e no goberno de Aznar... por certo, o goberno mais corrupto despois do franquismo!

E ningunha involución democrática como a que padecemos hoxe se enfrenta con medo, nin baixando a cabeza. Desde o BNG dicímolo con claridade, non imos dar nin un paso atrás.

Non imos dar un paso atrás na defensa de que Galiza é unha nación.

Non imos dar un paso atrás á hora de cuestionar unha Constitución que é un corsé para desenvolver o país.

Non imos dar un paso atrás á hora de cuestionar unha monarquía medieval.

Non imos dar un paso atrás á hora de denunciar a corrupción sistémica do Estado español.

Non imos dar un paso atrás na defensa do dereito a vivirmos en galego, día a día e sen discriminacións.

DISCURSO DE ANA PONTÓN NA HOMENAXE A CASTELAO

Rianxo, xaneiro de 2019

Non imos dar un paso atrás á hora de defender o feminismo e o dereito das mulleres a vivir sen violencia de xénero!

Permitídemme que me deteña un momento neste tema:

O ataque ao feminismo, que é a causa xusta da defensa da igualdade entre mulleres e homes, non empeza cos eleccións andaluzas. A dereita leva anos traballando contra o feminismo e contra os dereitos das mulleres.

E Feixóo leva anos sendo un alumno aplicado do antifeminismo:

- destinando recursos públicos aos grupos do Opus Dei que cuestionan o dereito ao aborto
- suprimindo o Servizo Galego de Igualdade
- recortando as axudas ás mulleres que sofren de violencia machista
- recuperando os concertos educativos que segregan por sexo
- incumprindo as leis de igualdade, a comezar pola lei galega de violencia de xénero
- ou boicoteando a folga do 8M, como deixaron claro até 3 sentenzas do TSXG!

Mais que saiban Feixóo e o PP que nos van ter en fronte. Este 8M as galegas temos que pararlles os pés a Feixóo e a todos os machos alfa, e saírmos de novo ás rúas para deixarlles claro que estamos fartas de desigualdades e violencias.

As mulleres temos dereito a vestir como queiramos e a volver soas ás nosas casas de noite e de día. Temos dereito a ter igual salario por igual traballo. Temos dereito, queremos, precisamos que se acabe co feminicidio, porque isto non vai de vítimas e agresores, isto vai de que ás mulleres estanos matando a violencia machista polo simple feito de ser mulleres.

Que o teñan claro: non imos dar nin un paso atrás.

Remato cunha última reflexión.

Cada tempo ten os retos e as súas dificultades, e a nós tócanos asumir novos retos para o BNG nesta altura. O reto máis inmediato: sumar máis apoio nas municipais e nas europeas. E ensanchar a nosa base social, tendéndolle a man a todas as persoas que levan a Galiza na cabeza e no corazón. Queremos que saiban que o BNG é a súa casa, que as queremos con nós. Porque esta é unha obra inacabada. Como dicía Castelao:

DISCURSO DE ANA PONTÓN NA HOMENAXE A CASTELAO

Rianxo, xaneiro de 2019

Non lle poñades chatas á obra mentres non se remata. O que pense que vai mal, que traballe nela; hai sitio para todos.

Castelao Sempre!

Galiza Sempre!

Adiante!